

CEIDA
Centro de Extensión Universitaria
e Divulgación Ambiental de Galicia

Castelo Santa Cruz Oleiros A Coruña

5 de xuño-30 xullo 2018

Día Mundial do Medio Ambiente

eduardocortils@gmail.com




Concello de Oleiros



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



Antropoceno

Arte e Biodiversidade en
Escenarios Periurbanos

Eduardo Cortils

CEIDA
Castelo Santa Cruz Oleiros
A Coruña

Antropoceno

Arte e Biodiversidade en
Escenarios Periurbanos

O Antropoceno é a época xeolóxica proposta por parte da comunidade científica para suceder ao Holoceno, debido ao significativo impacto global que as actividades humanas tiveron sobre os ecosistemas terrestres.

A arte reflexionou ao redor do tema tomando en conta tamén os ámbitos político, económico e social para tratar de entender ao humano como un ser biolóxico que constrúe unha cultura e pensamento, alterando o seu medio ambiente.

Revista Código
Arte_Arquitectura_Diseño

Un feito

Máis da metade da poboación humana vive en cidades.

Unha circunstancia

Estas cidades demandan unha gran cantidade de recursos naturais, xestión de augas e servizos que se producen nas súas proximidades, zonas altamente modificadas no seu aspecto orixinal, caracterizadas por infraestruturas de industria agrícola e lecer, depuradoras de augas, polígonos industriais e comerciais, actividades de entretemento, rururbanizacions, campos de golf, pequenas poboacións, vías de comunicación, tendidos eléctricos, etc.

Nelas sostense unha inestable rede social composta por propietarios de leiras, habitantes, traballadores, técnicos, cazadores, agricultores, pastores, etc.

Un lugar

Estes espazos entre as cidades e as zonas rurais tradicionais carecen dunha definición concreta, son chamados paisaxes periurbanas.

A estes escenarios do Antropoceno volven de maneira espontánea as especies animais e vexetais que foron desaloxadas, producindo unha re-naturalización e unha rara coexistencia máis aló do tempo e lugares de lecer. Este proxecto trata sobre os devanditos contextos, é dicir, eses feitos, esas circunstancias e eses lugares, e como unha abundante biodiversidade pugna pola vida nun escenario que non está necesariamente protexido.



Agüia calzada en rur-urbanización litoral



Escenario antropizado. Vías comunicación, actividade agrícola, polígono industrial, etc.



Actividade didáctica en lagoa naturalizada

Arte Contextual _Ambiental_Relacional

Durante seis anos sinalei de forma *Contextual* mediante *observatorios dazzle* determinados lugares periurbanos. Funcionaron mostrando in situ, aos habitantes e usuarios deses lugares, que neles existe unha rica biodiversidade antes non apreciada.

Durante seis anos extraín dos observatorios dazzle unha delicada documentación fotográfica *Ambiental* que, agora si, está lista para operar en cidades, en centros de arte e de interpretación da natureza, polo seu valor artístico, tamén polo seu valor didáctico.

Máis de cento trinta especies que re- naturalizan estes espazos periurbanos -entre aves, mamíferos, réptiles e anfibios- foron fotografadas neste proxecto.

Durante seis anos mantiven una valiosa actividade *Relacional* cos habitantes e usuarios deses lugares periurbanos, compilando os seus relatos e mellorando neles a concepción de mero instrumento que deses lugares se tiña con anterioridade.

Re-naturalización de escenarios periurbanos

A transformación da paisaxe é especialmente visible en escenarios periurbanos, difíciles de diferenciar e de delimitar, onde moitas especies desapareceron ou ben se viron forzadas a adaptar os seus hábitos e convivir co ser humano, reducindo drasticamente o seu número.

O cesamento das actividades e o abandono de infraestruturas deu lugar a que, en moitos escenarios antropizados, se produza unha “re-naturalización” converténdose en escenarios naturais de enorme interese, nos que as especies volven estar presentes. É difícil que un ecosistema degradado poida volver recuperar as condicións orixinais, pero a re-naturalización destas zonas alteradas polo ser humano é posible.

Este fenómeno chamado sucesión natural é o proceso polo que un ecosistema rexenérase por si só, sempre que os factores que produciron a súa degradación cesen e se non existen barreiras que llo impidan.

As antigas depuradoras das lagoas re- naturalizáronse converténdose en humidaís que albergan unha gran diversidade de especies.

Os valores naturais dos ecosistemas periurbanos “re-naturalizados” fan das cidades escenarios máis sustentables.